

## **Instrucións xerais do proceso de admisión a FP. Curso 2021/22.**

**Toda a información acerca do proceso se pode atopar:**

<https://www.edu.xunta.gal/fp/admision-curso-2022-2023>

**A solicitude deberá realizarse mediante o asistente informático vía web:**

<https://www.edu.xunta.gal/ciclosadmision/>

Instrucións sobre como realizar a solicitude web (pendente de publicación, non se publican ata que abre o proceso para solicitar admisión) pero podeades atopar un vídeo en Youtube:

<https://www.youtube.com/watch?v=TMRJTMi-xyY>

A solicitude deberá realizarse mediante o asistente informático vía web para todos os réximes e graos, agás para o segundo curso do réxime ordinario.

Logo de realizada a solicitude web, a aplicación informática xera un impreso con instrucións individualizadas para cada solicitante. O impreso xerado pola aplicación informática indica a documentación que cómpre achegar. Esta documentación cos impresos xerados deberá ser entregada, en prazo, en calquera centro público de Galicia con oferta de ciclos formativos de formación profesional. Este documento será validado polo centro e unha das copias será selada e entregada á persoa solicitante. Sen estes requisitos, a solicitude carece de validez e non será tida en conta no proceso de admisión.

**No caso de que o impreso xerado pola aplicación informática indique que se trata dun documento xa validado e que non é necesario entregalo nun centro, non será preciso máis trámite, pero o documento impreso deberase conservar como resguardo da solicitude de admisión.**

**Dirección Xeral de Formación Profesional  
Admisión a formación profesional 2022-2023**

## Prazos do proceso de admisión

### - Réxime ordinario

### - Réxime para as persoas adultas

Período ordinario de admisión	
Presentación de solicitudes	23 xuño ás 9:00 ao 5 xullo ás 13:00 horas
Listaxe provisional de solicitudes	8 xullo
Reclamación á listaxe provisional	8 xullo ás 9:00 ao 12 xullo ás 13:00 horas
Listaxe definitiva de solicitudes	19 xullo
1ª adxudicación	19 xullo
Matriculación 1ª adxudicación	19 xullo ás 9:00 ao 22 xullo ás 13:00 horas
2ª adxudicación	27 xullo
Matriculación 2ª adxudicación	27 xullo ás 9:00 ao 29 xullo ás 13:00 horas
3ª adxudicación	2 setembro
Matriculación 3ª adxudicación	2 setembro ás 9:00 ao 6 setembro ás 13:00 horas

#### RESUMINDO:

**PRAZO PRESENTACIÓN SOLICITUDES: DO 23 DE XUÑO ÁS 09:00 ATA O 5 DE XULLO ÁS 13:00.**

**LISTA PROVISIONAL DE SOLICITUDES: 8 DE XULLO.**

**RECLAMACIÓN Á LISTA (en caso de que non apareza a vosa solicitude): 8 AO 12 DE XULLO ÁS 13:00.**


**LISTA DEFINITIVA DE SOLICITUDES: 19 DE XULLO.**

**1ª ADXUDICACIÓN, é dicir, cando sabes en que grao vos concederon praza: 19 DE XULLO.**

**No caso de que se vos concedera a praza, MATRICULACIÓN, no centro que se vos adxudicou: 19 ao 22 de xullo.**

Toda esta información deberedes consultala nas datas indicadas na páxina web, que vos indicaba ao comezo:

<https://www.edu.xunta.gal/fp/admision-curso-2022-2023>



The screenshot shows a web browser window with the URL [edu.xunta.gal/fp/admis-on-curso-2022-2023](http://edu.xunta.gal/fp/admis-on-curso-2022-2023). The browser's address bar and toolbar are visible at the top. Below the browser, the page content is displayed. On the left, there is a sidebar menu with the following items: Convocatoria 2022-2023, Convocatorias anteriores, Admisión grao superior, Convocatoria 2022-2023, Convocatorias anteriores, and Itinerarios formativos. The main content area is titled "Información e documentación" and contains a list of links: Instrucións xerais do proceso de admisión (Pendente de publicación), Calendario de admisión, Oferta 2022-2023 (actualizada c 13/06/2022), Anexo I. (Empregar só para admisión ao segundo curso do réxime ordinario ou para o caso de solicitude de matrícula en prazas liberadas.), and Anexo II. (Empregar só para a matrícula de FCT e/ou proxecto polo réxime para as persoas adultas ou para o caso de solicitude de matrícula en módulos con prazas liberadas.). Below this list is another section titled "Listaxes do procedemento de admisión" with links for: Listaxe provisional de solicitantes (Pendente de publicación), Listaxe definitiva de solicitantes (Pendente de publicación), 1ª adxucación ordinaria: listaxe de persoas admitidas (Pendente de publicación), 2ª adxucación ordinaria: listaxe de persoas admitidas (Pendente de publicación), 3ª adxucación ordinaria: listaxe de persoas admitidas (Pendente de publicación), Listaxes de ciclos e módulos con prazas dispoñibles (de matrícula liberada) (Pendente de publicación), and Información de ciclos e módulos con prazas dispoñibles e sen listaxe de espera (para o período extraordinario de solicitudes de setembro). At the bottom of the main content area, there is a disclaimer: "Lembre que a normativa sempre prevalece sobre calquera outra información. Esta páxina contén información de carácter xeral extraída da normativa, polo que calquera dúbida ou contradición se resolverá atendendo á normativa vixente (acceso a normativa de admisión)."